

Mércores, 17 de abril de 2024

Inicio | Barbanza-Arousa | Muros-Noia | Comarca | Autonómicas 2024 | Cultura | Deportes | Mar e agro | Opinión |

Prosegue a súa xira a mostra dixital Experiencia Europa (o 15 de abril en Porto do Son)

14 Abril 2024

A oficina Europe Direct A Coruña (Deputación da Coruña) organiza esta tempada unha iniciativa itinerante para amosar á cidadanía e ás entidades locais a realidade da transformación tecnolóxica na que está mergullada a UE: *Experiencia Europa*. Este proxecto forma parte dun amplo programa de actividades para público Europa).



Volvendo a *Experiencia Europa*, desenvólvese nos concellos adheridos á rede Europa no teu Concello e presenta o seguinte calendario de visitas:

Valdoviño: Do 22 de xaneiro ao 19 de febreiro de 2024

Carral: Do 19 de febreiro ao 18 de marzo de 2024

Dumbría: Do 18 de marzo ao 15 de abril de 2024

Porto do Son: Do 15 de abril ao 13 de maio de 2024

Negreira: Do 13 de maio ao 10 de xuño de 2024

Pontedeume: Do 10 de xuño ao 10 de xullo de 2024

Biblioteca Provincial: Do 10 de xullo ao 9 de setembro de 2024

Vimianzo: Do 9 de setembro ao 7 de outubro de 2024

Frades: Do 7 ao 28 de outubro de 2024

Experiencia Europa é unha exposición itinerante que os municipios da provincia, especialmente os rurais, poderán acoller co obxectivo de facer partície a toda a cidadanía da relevancia da transición dixital en Europa.

Os visitantes aprenderán, utilizando modernos dispositivos multimedia, como funciona a Unión Europea e como inflúe na súa vida diaria. A mostra ofrece tamén un espazo interactivo no que os cidadáns terán a oportunidade de achegar a súa opinión ao estudo sobre cales son os principais retos da Unión Europea.

Obxectivos

-Dar a coñecer a relevancia da transición dixital en Europa e a participación de toda a cidadanía nesa transición co desenvolvemento de habilidades dixitais para participar activamente na sociedade do futuro.

-Achegar contidos sobre o funcionamento das institucións europeas á cidadanía da provincia, ofrecendo aos veciños a oportunidade de participaren e expresaren a súa opinión no debate europeo.

-Promover unha experiencia dixital que dinamice a información europea e potencie os produtos dixitais do centro Europe Direct A Coruña, dando a coñecer os seus servizos.

-Descentralizar as actividades do centro Europe Direct A Coruña a nivel provincial, para achegar a información europea a todo tipo de público, tanto no ámbito urbano como rural.

Transición dixital

A transición dixital en Europa é o eixo central da exposición, que poderá experimentarse a través de dispositivos multimedia con pantallas táctiles. Desde eles, os visitantes poden acceder ao Espazo Europa, unha contorna virtual que mestura 3D e 4D no que se poden explorar os símbolos e valores da UE, así como a importancia da cultura e a ciencia. Tamén haberá un espazo dedicado a descubrir o Parlamento Europeo, a través de vídeos, xogos e outros medios.

A experiencia continua na área *Aprende, visita, xoga e participa*, cun apartado dedicado ao coñecemento da Intelixencia Artificial, na que a Unión Europea é pionera na súa regulación, así como visitas virtuais a institucións europeas e xogos educativos para todas as idades.

Experiencia Europa ofrece tamén un recuncho interactivo onde os cidadáns e as cidadás terán a oportunidade de achegar a súa opinión a un estudo provincial sobre os principais retos para o futuro da Unión Europea. O público poderá levar como recuerdo da súa experiencia unha fotografía xornada por un

PUBLICIDADE

dinahosting
hospeda este espazo web



REVISTA EN PAPEL



1 32 ...

[Más números](#)

OPINIÓN



"Os beneficiarios do SERGAS temos gañado o ceo pola paciencia" – Antón Luaces



"O sector do arrastre demanda cambios tanto ao Goberno como á UE" – Antón Luaces



Unión Europea. O público poderá revisar como recorreu da súa experiencia unha ruta guiada xelada por un sistema de IA que sitúa ao usuario en diferentes espazos.

A exposición complétase cunha mostra de vídeos producidos por Europe Direct A Coruña e que proporcionan "información tanto xeneral como especializada sobre as oportunidades de participación e formación que ofrece a Unión Europea a diferentes públicos".

Outros artigos

Catorce profesionais municipais participan no 1º encontro de técnicos de turismo da Costa da Morte e de Muros-Noia

17 Abr 2024

Un total de catorce técnicos de turismo celebraron o I Encontro de técnicos/as de turismo da Costa da Morte e Ría da Estrela (ría de Muros-Noia) en Carnota. Unha xuntanza na que participaron, entre outros, profesionais dos Concellos de Dumbría, Carballo, Ponteceso,...



O Concello de Rianxo reparte trampas contra velutinas e organiza xornadas informativas para pórllas freo

16 Abr 2024

O Concello de Rianxo continúa coa campaña contra a proliferación da avespa velutina e faino con diversas iniciativas que teñen un obxectivo común: frear a presenza deste perigoso insecto que pon en risco a supervivencia das nosas abellas, xa que se coñoce se ten...



O Concello da Pobra convoca un proceso selectivo para formar unha bolsa de emprego de persoal de limpeza

16 Abr 2024

Unha vez aprobadas as bases reguladoras que rexerán o proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para o servizo de limpeza de oficinas e instalacións municipais, o Concello da Pobra do Caramiñal procede a convocar as probas selectivas mediante...



A Cátedra do Camiño estrea a maior base de datos con información de peregrinos a Compostela do século XIX

15 Abr 2024

A Cátedra do Camiño e das Peregrinacións da USC, que xurdiu da colaboración da USC con Turismo de Galicia da Xunta de Galicia, acaba de estrear a Base de Datos de Peregrinos a Compostela (Badapoco), unha ferramenta dixital de consulta e traballo en liña que...



O Barbanza

Diario
díxital da
comarca



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU

PR Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia

[Aviso legal](#) • [Política de privacidade](#) • [Política de cookies](#) •

[Declaración de accesibilidade](#) • [Contacto](#)

Utilizamos cookies para ofrecerte a mellor experiencia na nosa web.
Podes aprender máis sobre que cookies utilizamos na nosa [política de cookies](#) ou desactivalas nos axustes.

[Aceptar todas](#)

[Rexeitar](#)

[Configurar cookies](#)